




ACTIVIDADES 2018

Nesta memoria de actividades recollemos as principais actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no último ano, entre elas a Memoria sobre a situación económica e social, informes, colaboracións e convenios con outras entidades, entre as que salienta a celebración de varias xornadas sobre aspectos da realidade socioeconómica de Galicia, a presenza e participación institucional en actos e sesións e por último a recepción de numerosas reunións organizadas por outras institucións.

Os primeiros apartados están dedicados a describir qué o CES, o seu funcionamento e forma de traballar. Tamén se recolle a composición do organismo, coas persoas, entidades e organizacións que forman o Pleno e os distintos órganos colexiados, así como o número de sesións dos mesmos e os principais contidos das súas reunións.

Pero a memoria céntrase de seguido nos principais traballos aprobados polo Consello ao longo do ano, sobre todo na **Memoria sobre a situación económica e social de Galicia** correspondente a 2017, o ditame sobre o anteproxecto de Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia e o Informe sobre o *Brexit*.

Como órgano consultivo en materia socioeconómica e símbolo da vocación de pluralidade e consenso, o CES continúa coa súa participación activa no Observatorio Galego de Dinamización Demográfica da que é sede dende a súa creación.

E ampliando diálogos e colaboracións, que se ten convertido na nosa sinal de identidade, mantivemos a colaboración co Idega da USC, ca Facultade de Económicas, ca Rede Transnacional Atlántica (RTA), Porto de Vigo, Consorcio da Zona Franca de Vigo, encontros cos outros CES autonómicos, o acordo de renovación do protocolo de colaboración cos CES da “raia” cos que compartimos a fronteira hispano-lusa .

CAPÍTULO 1.- O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

1.1 NATUREZA E FINALIDADE

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma.

O ces de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico.

No CES está representado un variado abano de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo –desde os sindicatos as Universidades, dos pescadores aos consumidores–, o que lle confire o seu especial carácter de foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva.

Este labor aplícase non só á actividade normativa gobernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñen propostas dirixidas a unha eventual introdución de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento

económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, tributación, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

1.2 FUNCIONS

As funcións do Consello Económico e Social de Galicia, reguladas no artigo 5 da súa Lei de Creación son:

- 1- Emisión de **ditames** preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.
- 2- O Consello tamén elabora **informes**, por iniciativa propia ou a petición da Xunta de Galicia, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma. Nese eido, pode dar a coñecer ó Goberno a súa opinión –o parecer dos seus membros– sobre a execución destes plans.
- 3- A participación en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.
- 4- A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha **memoria** sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo

pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gobernamentais.

1.3 COMPOSICIÓN

O Consello Económico e Social está formado por 35 membros: tres grupos de 11 membros, máis a Presidenta e o Secretario Xeral.

- Grupo 1: Os seus once membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden a UGT–Galicia, catro membros, á Confederación Intersindical Galega e tres membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.
- Grupo 2: corresponde as **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus once membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- Grupo 3: Acolle diversas **entidades e asociacións**. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de Unións Agrarias e dous do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores (un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e tres representantes das Universidades galegas.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos pola súa organización en calquera momento. O substituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

• Composición do Pleno en 2018

A composición do plenario do CES é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas.

Tendo en conta esta precisión, e dado que unha composición actualizada en cada momento pode consultarse na páxina web do Consello, nesta Memoria de actividades se recollen os membros do Pleno do CES a 31 de decembro de 2018 (titulares e suplentes).

Organizados por grupos e segundo a organización á que pertencen, son os seguintes:

Presidenta

-María Corina Porro Martínez

Secretario Xeral

-Juan José Gallego Fouz

Membros titulares

Grupo 1.- Organizacións sindicais***UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES-UGT Galicia:***

-José Carlos Rodríguez del Río
-Delia Irene Martínez Conde
-Mónica Rodríguez Ponte
-José Domingo Barros Montáns

CIG (Confederación Intersindical Galega):

-Fernando R. Acuña Rúa
-Natividade López Gromaz
-Héctor López de Castro
-Miguel Malvido Cabirto

CC.OO. de Galicia:

-Roi Fernández Rodríguez
-Maica Bouza Seoane
-Xesús Castro Baamonde

Grupo 2.- Organizaci3ns empresariais

CEG (Confederaci3n de Empresarios de Galicia):

- Javier Marínez López
- Ant3n Arias DÍaz Eimil
- Elier Ojea Ureña
- José Carlos González Fernández
- Francisco Couso Cantos
- Ángel Hermida Lage
- Jesús A. Méndez Álvarez-Cedr3n
- José Manuel Piñeiro Rivas
- Marisol Novoa Rodríguez
- Ángel Fernández Presas
- Jorge Cebreiros Arce

Grupo 3.- Outras entidades e asociaci3ns:

Unións Agrarias de Galicia:

- Jacobo Feij3o Lamas
- Rosa Arcos Caamaño

Sindicato Labrego Galego:

- Ram3n Barreiro Carnota
- Marieta Pastoriza Martínez

Confrarías pescadores de Galicia:

- José Basilio Otero Rodríguez (baixura)
- José Antonio Gómez Castro (marisqueo)

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Rosa Celia Otero Raña
- Miguel López Crespo

Universidade da Coruña:

- Domingo Calvo Dopico

Universidade de Santiago de Compostela:

- Edelmiro López Iglesias

Universidade de Vigo:

-José María Martín Moreno

Membros suplentes

Grupo 1.- Organizacións sindicais:

UGT–Galicia:

- Rosa Arcos Caamaño
- José Manuel Rodríguez Portela
- Olga Crespo Sánchez
- Mar Alfonsín Madrigal

CIG (Confederación Intersindical Galega):

- Margarida Corral Sánchez
- Xavier Rodríguez Fidalgo
- Anxo Noceda Carballo
- Lucía Freire Ces

CC.OO. de Galicia:

- Silvia Parga Rodríguez
- Omar Ceveira Vázquez
- Demetrio Vázquez Martínez

Grupo 2.- Organizacións empresariais:

Confederación de Empresarios de Galicia:

- Laura Otero Rúa
- Verónica Val Vázquez
- Marta Amate López
- Marina Graña Bermúdez
- María Botana Rocamonde
- Jaime Luis López Vázquez
- Miguel Varela Varela
- Rosa María Sánchez Gándara
- Ana Belén Vázquez Eibes
- José Antonio Neira Cortés
- José Manuel Maceira Blanco

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Unións Agrarias de Galicia:

- Alba Torreira Puga
- Javier Iglesias Fernández

Sindicato Labrego Galego:

- Xosé Pérez Rei
- Ana Eiras Regueira

Confrarías pescadores de Galicia:

- Carmen Abad Pita (baixura)
- Francisco Javier Martínez Durán (marisqueo)

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Consuelo Sánchez Diego
- Ana Olveira Blanco.

Universidade da Coruña:

- Angel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

- Melchor Fernández Fernández

Universidade de Vigo:

- Jorge Falagán Mota

• Órganos

A participación efectiva dos membros no traballo do CES artéllase a través de distintos **órganos colexiados**: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais. O consello conta tamén con dous **órganos unipersoais**, a Presidenta e o Secretario Xeral.

O Pleno

É o órgano de goberno do Consello. Está composto polos seus 35 membros, todos con dereito a voto agás o secretario xeral. O Pleno establece as liñas xerais de actuación do consello e organiza o seu funcionamento interno, aproba os ditames, estudos ou informes, decide a elaboración doutros traballos e aproba tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

A Comisión Permanente

É o órgano colaborador do Pleno no goberno do CES. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares, tres de cada un dos grupos que o compoñen. Entre as súas funcións destaca a supervisión das actividades do organismo e a coordinación dos traballos das diferentes comisións. A Comisión Permanente eleva ao Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do consello.

As Comisións Sectoriais

As tarefas cotiás de elaboración de informes e ditames están adscritas ás comisións sectoriais, grupos de traballo de nove membros que manteñen a representación proporcional do Pleno (con tres membros de cada un dos grupos do plenario). O ces funciona con catro comisións sectoriais especializadas por ámbitos:

- CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos.
- CS-2: Sector público e benestar social.
- CS-3: Desenvolvemento rexional.
- CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia.

A Presidenta

Representa ao Consello e dirixe as súas actuacións, ademais de velar polo bo funcionamento do mesmo.

O Secretario Xeral

É o órgano de asistencia técnica e administrativa do CES e o depositario da fe publica dos seus acordos.

1.4 FUNCIONAMENTO

Para explicar o funcionamento dos distintos órganos do Consello no desenvolvemento das súas funcións, podemos distinguir entre dous tipos de procedementos, o externo, que é o que se segue para solicitar do organismo un ditame, e os internos, que serían os procedementos que seguen a esta petición ou calquera dos traballos que se inician.

• **O procedemento externo**

O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión de febreiro de 1999, nos seguintes termos:

“1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellarías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesarano do presidente da Xunta. A petición de ditames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellarías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificaran o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese.”

• **Os procedementos internos**

O seu Regulamento de Réxime interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22

de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o procedemento xeral como os distintos procedementos específicos.

O **procedemento xeral** iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. A vez, notifícase esa remisión á Comisión Permanente e, por extensión, en virtude dun acordo plenario, a todos os membros do CES.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera mais oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do consello, en particular do centro de documentación e do Gabinete técnico. se se estima necesario, pode contar co asesoramento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudos iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar, agás na súa orixe), entregáselle ao presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello. No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria.

Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as emendas que estimen oportunas ao texto proposto. Se se trata de emendas totais, estas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles emendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sometese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio **procedemento específico** de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este esquema xeral para adaptalo as características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

1.5 SERVIZOS TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estrutura de técnicos e persoal de administración formada por nove traballadores, que se organiza en distintos departamentos:

O Gabinete Técnico

É o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. Está composto por dous expertos en materias socio-económicas. O Gabinete aporta as referencias estatísticas necesarias para os traballos, as analiza e prepara unha proposta da parte descritiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das comisións sectoriais. O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elabora o Consello. A partir das súas propostas, redáctanse as consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

O Centro de Documentación

Encargase de proporcionar as Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES todos os datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Tamén pon a disposición dos membros do Consello fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na mais ampla gama de soportes. Xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

A función do Centro de Documentación e apoio ao Consello é facilitar aos seus membros e ao Gabinete técnico os materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións. O centro ofrece información especializada na area socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste. Internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

Así mesmo o Centro de Documentación encargase de manter actualizados as publicacións periódicas dixitais na páxina web así como os indicadores de conxuntura da economía galega.

Departamento de Xestión

Encargase de todas as funcións de xestión presupostaría e contable, da contratación de servizos e subministracións, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

Gabinete de Comunicación

As tarefas de exteriorización da actividade do organismo artéllanse no Gabinete de Comunicación. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do Secretario Xeral, do seguimento dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do seu labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e da coordinación das publicacións do CES, entre elas a presente memoria. Entre as súas responsabilidades inclúese tamén, en coordinación co centro de documentación, participar no contido da páxina web do Consello, na que estamos a incluír, nunha area privada para os membros, todo o material documental necesario para o desenvolvemento das distintas sesións das comisións sectoriais.

- **O responsable da unidade de Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do centro de documentación, encargase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello.

- **Tres auxiliares administrativos–técnicos auxiliares en informática**, que dependen organicamente do departamento de xestión e funcionalmente dos responsables das áreas as que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

1.6 ORZAMENTO

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2018 ascendeu a 922.898 euros, cun incremento de 12,64% respecto ao ano anterior. Malia subida, aínda lonxe das cifras que manexou o organismo no final de década anterior, permitiu, en todo caso a dotación certo marxe de manobra para o desenvolvemento das actividades que se levaron a cabo.

O novo presuposto recolleu un incremento do capítulo I e II, consecuencia da variación prevista para todo o persoal ao servizo das administracións públicas, e tamén no capítulos IV e VI de nova creación.

Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 627.653 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 129.572 euros e para os IV e VI, 135.679 e 30.000 euros respectivamente.

CAPÍTULO 2.- UN ANO DE ACTIVIDADE

Entre as actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no ano 2018, en cumprimento das funcións que lle son propias, aprobáronse neste ano, a memoria socioeconómica anual, un informe e un ditame; resúmense as reunións celebradas polos seus órganos colexiados, cos seus acordos mais destacados. Tamén facemos un breve resumo da importante actividade institucional desenvolvida nestes doce meses, tanto no marco intercomunitario como no eido europeo, a través da habitual colaboración con organismos homólogos na Rede Transnacional Atlántica (RTA) ou cos CES da “raia” hispano-lusa; as colaboracións cas Universidades, Consellerías, Asociacións e Federacións na realización de xornadas e elaboración de estudos relacionados ca actualidade galega.

Como sempre, información mais polo miúdo pode atoparse na web do CES, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo. Esta documentación pode atoparse no apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador.

2.1 DOCUMENTOS APROBADOS

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Unha das funcións asignadas ao Consello é a elaboración dun estudo global sobre a situación socioeconómica da Comunidade Autónoma, o documento máis significativo que redacta este organismo cada ano. En cumprimento desta disposición, o Pleno aprobou neste ano a *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2017* (cada ano, estúdiase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior).



O documento mantén unha estrutura de cinco capítulos, ademais dun apartado que recolle o resumo e as consideracións dos membros do Consello, as súas inxerencias consensuadas sobre distintos aspectos da vida económica e social de Galicia. Dende o CES entendemos que este é o principal valor do noso traballo.

Aínda que, como é habitual, esta Memoria 2017, como as anteriores, pode consultarse na páxina web do CES, recóllense de seguido as consideracións máis salientables aportadas polo Consello, agrupadas, segundo a estrutura do documento, en cinco apartados:

1.- PANORAMA ECONOMICO

O CES quiere poñer de manifesto a importancia de manter un crecemento económico que permita seguir avanzando na redución da taxa de desemprego e no incremento tanto da taxa de actividade como de ocupación.

Contexto económico xeral

O CES ve con preocupación os posibles cambios na economía mundial derivados da tendencia proteccionista de EEUU e do Brexit, que pode incidir negativamente na economía da UE, e polo tanto na economía española e galega, principalmente no que atinxe ao comercio internacional.

A economía galega

O CES resalta a importancia de manter a senda de crecemento equilibrado da economía galega.

Distribución da renda

O CES ve preocupante o descenso do peso relativo da remuneración de asalariados no PIB e demanda que se avance cara un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdades e cunha distribución da riqueza máis equitativa.

Evolución demográfica

O CES mantén a súa preocupación polo descenso da poboación en Galicia. A Comunidade autónoma presenta un crecemento natural cada vez máis negativo, debido, entre outros aspectos, á reducida taxa de natalidade, ao incremento da idade media ou á emigración de mozos cunha idade de ter fillos.

Para o CES é prioritario corrixir o desequilibrio territorial. As administracións deben impulsar iniciativas para evitar que a poboación asentada en áreas con menos posibilidades sexa discriminada por razón do territorio.

O sobreenvellecemento da poboación (maior de 75 anos) e a dispersión territorial inciden de xeito significativo no custo da prestación da maior parte dos bens e servizos públicos. O CES demanda que nas propostas de reforma de financiación autonómica se teñan en conta estas singularidades, e que nos fondos de nivelación se contemple a totalidade dos servizos públicos.

2.- MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS

Actividade, ocupación e desemprego

O dinamismo da economía galega debilítase no mercado de traballo. Cun crecemento do PIB similar ao do ano anterior, o crecemento da poboación ocupada e a redución da taxa de paro foron inferiores os do ano anterior e menos favorables que a media estatal.

Poboación activa

O CES chama a atención sobre os efectos negativos que pode ter para o futuro da economía galega a perda continuada de poboación activa, especialmente da poboación máis nova, dada a súa incidencia tanto no dinamismo do mercado de traballo como no sostemento do sistema de pensións.

Ocupación

O CES entende que é necesario o impulso de medidas que permitan equiparar a posición de mulleres e homes no mercado laboral.

En opinión do CES, a calidade do emprego debe mellorarse, especialmente no que atinxe á alta taxa de temporalidade, á curta duración dos contratos e á alta rotación.

Tamén considera que a recuperación económica debe servir para mellorar os ingresos, especialmente entre as persoas con niveis máis baixos.

O CES considera importante que as empresas galegas, xeradoras de gran parte do emprego nesta Comunidade, sigan mellorando a súa competitividade.

O CES constata a redución da taxa de paro en Galicia, pero considera que aínda persisten os problemas relacionados co paro xuvenil e o paro de longa duración. En opinión do CES, hai que seguir desenvolvendo medidas de apoio específicas que faciliten ás persoas máis novas, ás de maior idade e ás persoas paradas de longa duración a súa incorporación ao mercado de traballo. Nesta liña recomenda a aplicación de medidas que faciliten o relevo xeracional.

O nivel de formación e a especialización son elementos clave para a incorporación ao mercado de traballo. En opinión do CES, é importante seguir avanzando no tipo de formación e cualificación profesional que mellor se adapta ás demandas das empresas.

Tamén considera importante impulsar estratexias que permitan desenvolver a xestión do talento en Galicia, especialmente da nosa xuventude.

O CES considera necesario potenciar e mellorar os estudos de formación profesional, especialmente a formación profesional dual, para adecuar as cualificacións ás necesidades do mercado laboral e mellorar a empregabilidade da poboación.

Custos e salarios

O CES valora positivamente as melloras de produtividade que se están dando no mercado de traballo e considera importante que se sigan facendo esforzos na mellora dos procesos produtivos e na innovación.

Relacións laborais e formación

O CES recomenda que se habiliten mecanismos para facilitar ás empresas en dificultades económicas a posibilidade de reducir xornadas e/ou repartir traballo en vez de recorrer ao despedido das persoas traballadoras.

O CES insiste na necesidade de seguir avanzando nas medidas que melloren a seguridade e a saúde no traballo e insta ás administracións a seguir promovendo o fomento dunha cultura de prevención, especialmente nas pemes.

O CES pon de manifesto a necesidade de avaliar a eficacia das políticas activas de emprego para comprobar en que medida compren cos seus obxectivos. O CES considera que é preciso reforzar a dotación orzamentaria destinada ás políticas activas de emprego para mellorar o papel que ten na empregabilidade e na cualificación dos traballadores e traballadoras en xeral.

O CES insta a que se profundice nas accións específicas para favorecer a inserción ou reinserción laboral dos colectivos en risco de exclusión social.

3. DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

Estrutura produtiva

O CES insiste na necesidade de apostar firmemente pola xeración de coñecemento para a innovación, como se desprende do informe aprobado en decembro de 2017 “Por unha alianza no sector industrial galego”.

O CES entende que é preciso facer esforzos para potenciar os servizos de calidade vinculados ao sector industrial e a economía 4.0, coa participación do comercio electrónico, que pode converterse nunha ferramenta imprescindible para determinados sectores.

Sector primario

O CES considera estratéxico o sector primario pois incide de maneira directa tanto na fixación da poboación como na preservación do medio ambiente.

O CES ve preocupante o escaso peso das axudas agrarias de fondos europeos no total estatal, e considera que deberían primar as axudas aos agricultores e gandeiros a título principal e a aqueles que contribúen ao sostemento do sector primario e ao desenvolvemento do territorio.

Sector industrial

O CES observa con preocupación o elevado prezo da electricidade para os consumidores industriais, pola súa incidencia directa no sector, constatando que o prezo tanto en Galicia como en España está por encima da media de UE-28. Cómpre mellorar os custos da enerxía facilitando a xeración distribuída, a difusión de redes intelixentes de electricidade e a potenciación dun mix tecnolóxico que incorpore o uso de renovables.

Sector da construción

O CES demanda un maior esforzo investidor por parte da Administración Xeral do Estado en Galicia tendo en conta a forte caída experimentada na licitación da obra pública no último ano.

Sector servizos

En opinión do CES, a aposta polo turismo sostible debe ser un eixe prioritario en Galicia, así como a procura da desestacionalización que redundaría na estabilización do emprego.

O CES entende que as esperadas melloras nas infraestruturas de transporte implicarán aumentos na entrada de turistas, cuestión que a nosa Comunidade ten que aproveitar para a diversificación espacial e temporal do turismo.

Dada a importancia do Camiño de Santiago no sector turístico galego, o CES insta a reforzar os investimentos en seguridade viaria, sinalización, aspectos

ambientais e paisaxísticos, promoción do patrimonio, etc. que contribuirían a mellorar as prestacións de tódolos camiños.

O CES ve con preocupación os efectos da reestruturación no sector financeiro, principalmente no ámbito rural, polo que considera necesario que esta transformación se leve a cabo tendo en conta as necesidades dos clientes.

Demografía empresarial

En opinión do CES, é necesario favorecer o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais e facilitar que as empresas acaden un tamaño óptimo para a súa supervivencia, propiciando a orientación da actividade empresarial cara a proxectos innovadores e de alto valor engadido.

Comercio exterior

O CES quere destacar o bo comportamento do sector exterior, o que constata a competitividade das empresas galegas. Neste senso, é importante avanzar nos instrumentos de apoio para lograr unha maior diversificación xeográfica e de produto, así como un incremento da base exportadora.

O CES pon a énfase na necesidade de apostar por normativas que faciliten e propicien os investimentos estranxeiros en Galicia.

4. CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

Saúde

O CES considera necesario persistir na senda de recuperación dos recursos destinados á sanidade, que sufriron unha importante redución nos anos da crise económica.

O CES observa con preocupación o proceso de envellecemento da poboación en Galicia, dadas as implicacións directas nos sistemas de protección sanitaria e social. A relevancia global deste problema fai necesario abordalo dende unha perspectiva de país.

O CES insta ao Sistema sanitario a que destine máis recursos á atención, prevención e investigación no eido da saúde mental.

O copago farmacéutico é unha das medidas utilizadas para frear tanto o gasto como o uso excesivo de medicamentos. Nembargante, o CES fai una chamada

de atención sobre os efectos negativos desta medida sobre os colectivos máis vulnerables.

Pobreza e cohesión social

O CES considera preocupante que os niveis de pobreza e desigualdade, que tanto medraron durante a crise económica, non rexistren a mellora esperable coa recuperación económica.

Cobertura social

O CES insiste unha vez máis na necesidade dos acordos políticos e sociais amplos para garantir a sostenibilidade futura do sistema de pensións. Do mesmo xeito, entende que a transformación do modelo produtivo, que aposte por ramas de actividade de alto valor engadido e pola xeración de emprego de calidade, contribuiría á estabilidade financeira do sistema a longo prazo.

O CES quere incidir sobre o baixo importe das pensións en Galicia, o cal fai especialmente necesario que se poida garantir o nivel adquisitivo das mesmas.

O CES advirte que a diferenza retributiva que sofren as mulleres durante a súa vida profesional trae como consecuencia adicional que as súas prestacións por pensións sexan notablemente máis baixas.

O CES pon de manifesto a insuficiencia dos instrumentos de cobertura, fundamentais no sistema de protección social.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

O CES sinala que o crecemento das emisións de CO₂ declaradas polas instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005 contradí o obxectivo de redución das emisións de gases efecto invernadoiro establecido na Estratexia Europa 2020.

O CES lamenta a magnitude e gravidade dos incendios forestais rexistrados en 2017, causando importantes danos persoais, medioambientais, económicos... O CES considera que se deben impulsar cambios efectivos na política forestal que propicien a posta en valor do monte. A Administración debe propiciar alternativas que incentiven o coidado e o investimento no monte e buscar fórmulas para frear o seu abandono.

O 2017 foi un ano onde as consecuencias do cambio climático se fixeron máis visibles coa forte seca que padeceu a nosa Comunidade. O CES insta a impulsar

plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público.

5. RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

Capital humano

O CES insiste na necesidade de persistir na loita contra o abandono educativo temperá, de tal xeito que permita seguir reducindo as devanditas taxas de abandono.

O CES insta ás Administracións públicas a fomentar o equilibrio na distribución segundo o xénero en todo o ámbito educativo, que é moi desigual.

O número de alumnos de educación xeral non universitaria matriculados en Galicia en centros públicos incrementouse nos últimos anos. Neste senso, o CES recomenda avanzar na reversión do descenso do profesorado.

O CES insiste na importancia do papel das bolsas e axudas públicas para garantir o acceso equitativo á educación e á igualdade de oportunidades.

As mulleres galegas presentan uns mellores resultados que os homes en abandono educativo temperá, taxas de rendemento e de idoneidade, titulación universitaria e, en xeral, en practicamente todos os indicadores de rendemento educativo. O CES advirte do forte contraste destes datos coa fenda de xénero en termos de emprego e salarios.

Innovación e tecnoloxía

O CES considera necesario incrementar os esforzos dirixidos ao cumprimento do obxectivo de investimento en I+D en Galicia sinalado no mercado para 2020 no Plano estratéxico de Galicia 2015-2020.

O CES observa con preocupación os indicadores da tecno-economía en Galicia e entende necesario mellorar o acceso aos recursos tecnolóxicos como á banda ancha, especialmente no ámbito rural.

En liña con sinalado noutros informes do CES, é importante chamar a atención sobre o feito de que a falla de información estatística actualizada en campos como o sector agrario, medio ambiente ou saúde, entre outros, non só dificulta unha mellor aproximación á realidade socioeconómica de Galicia, senón tamén

unha valoración dos resultados das políticas aplicadas e en que medida estas responden aos obxectivos marcados.

INFORME 1/18: ANÁLISE ECONÓMICA DO GRAO DE EXPOSICIÓN DA ECONOMÍA DE GALICIA ANTE O BREXIT. PRINCIPAIS CONSIDERACIONS

A súa normativa de creación establece que o CES poida tamén levar a cabo informes ou estudos sobre distintos aspectos socioeconómicos para favorecer-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.


En setembro de 2017 o Comité de Orientacións da Rede Transnacional Atlántica (RTA) celebrado en Nantes (Francia) e en resposta a unha invitación do Presidente da Comisión do Arco Atlántico da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM), acordou realizar un estudo sobre o “Brexit” que recollese o posible impacto que a saída do Reino Unido da Unión Europea puidese ter sobre as rexións atlánticas que integran a RTA.

O Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia), que actualmente ocupa unha das Vicepresidencias desta organización, aceptou aquel encargo valorando que á marxe do interese xeral que para a RTA tiña a encomenda, era da maior utilidade para a nosa Comunidade Autónoma analizar o impacto que o “Brexit” ía ter nos distintos sectores da nosa economía. E iso porque diversas asociacións, organizacións, cooperativas, sindicatos e clústeres viñan mostrando a súa preocupación pola eventual modificación do status de relacións dos colectivos e persoas galegas que operan en e co Reino Unido.

Así foi como o CES de Galicia decidiu, o 2 de abril de 2018, asinar un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña ao apreciar que dentro desta o Instituto Universitario de Estudos Marítimos, dirixido polo catedrático Fernando González Laxe, viña desenvolvendo durante os últimos anos liñas de investigación e análise neste ámbito e que por tanto era o grupo investigador idóneo para realizar o encargo.

O informe realízase nun momento no que a fase decisiva da negociación do “Brexit” está a piques de comezar e por tanto a incerteza sobre o resultado das negociacións imposibilita coñecer con exactitude o impacto das mesmas no noso territorio. Por esta razón é polo que, matizadamente, este informe céntrase nunha reflexión sobre o grao de exposición de Galicia ante o “Brexit”, na que se describen os distintos escenarios posibles e sobre todo sublíñanse aqueles indicadores ou “líñas vermellas” sobre as que Galicia debe extremar a súa preocupación.

O informe, “Análise económica do grao de exposición da economía de Galicia ante o Brexit. Principais consideracións” aprobouse polo Pleno en sesión 2/18 do 10 de outubro e presentouse en rolda de prensa que tivo lugar o 17 de outubro, na sede do organismo. Na presentación, ademais da presidenta do CES, Corina Porro, e a presenza do vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, contou coa presenza do profesor Fernando González Laxe, da Universidade da Coruña, que liderou a equipo de redacción do estudo e foi o encargado de explicar as súas conclusións e principais consideracións, “documento oportuno e necesario” foron as súas palabras.



As conclusións do informe do CES sinalan que a economía de Galicia non se verá moi afectada pola saída do Reino Unido da UE no aspecto cuantitativo, aínda que, lembrou González Laxe, si se detectou preocupación dende o punto de vista cualitativo. Por sectores, os máis afectados, á falla de concreción do mecanismo en que esta se producirá, serían o téxtil, a pesca e os servizos, que son os que máis intercambios rexistran cos británicos.

Este informe, que pode descargarse para a súa consulta na páxina do CES Galicia, é pioneiro no seu campo e, pola súa profundidade na análise, non ten

parangón nin no eido universitario nin entre os realizados polos gobernos rexionais da fachada atlántica. O estudo basease en tres eixos ou pilares: o teórico, o aplicado e o da percepción e opinión dos cidadáns. Analízanse os distintos escenarios posibles de saída e as diferentes consecuencias que tería cada un deles.

Dado que o proceso de negociación do Brexit non rematou, non é posible determinar as súas repercusións exactas. Cando se concrete a fórmula do acordo, o CES ten previsto facer unha actualización do informe. En palabras da presidenta do CES, Corina Porro, "este documento é unha base sólida para que non teñamos que empezar de cero o estudio no momento en que se produza a desconexión".



DITAME 1/18, SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA.

Con data 5 de novembro de 2018 tivo entrada Consello Económico e Social oficio do Presidente da Xunta de Galicia remitindo para o seu ditame preceptivo o anteproxecto de Lei de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia. A Comisión Sectorial 2- Sector Público e Benestar Social, competente na materia, acordou aprobar a proposta de ditame na súa sesión 3/18 do 5 de decembro, remitilo á Presidencia do Consello para a súa tramitación e a súa aprobación polo Pleno do 12 de decembro de 2018 cas seguintes consideracións xerais e particulares:

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES entende positiva toda iniciativa orientada a fomentar a rehabilitación edificatoria, máxime se combina, como no caso de núcleos abandonados ou en avanzado estado de degradación, tarefas proxectuais con outras de carácter social. A intervención abarcando temas transversais, como a creación de actividades económicas asociadas, sempre axuda a vertebrar comunidades e, con iso, facilita a conservación do patrimonio cultural.

Non obstante, entende que o anteproxecto obxecto de ditame presenta algunhas limitacións. Así, sería desexable unha diagnose sobre as causas que provocan o abandono e deterioro dos núcleos e as edificacións; unha maior concreción, por un lado, en relación ás fórmulas para reverter a situación e por outro, ao financiamento. Unha carencia máis do anteproxecto é a de que para lograr os obxectivos que formula, confía exclusivamente nos procedementos e recursos da administración.

Asemade, ante a falta de referencia a estratexias de información, divulgación e sensibilización con respecto ao patrimonio, o CES amosa a súa preocupación pola posibilidade de que o resultado perceptible pola cidadanía en relación a esta lei se centre na imposición de novos impostos, trámites e obrigas, como o canon de inmoables ou o IAE.

2.- O CES considera que se debería aproveitar a ocasión e clarificar o concepto de rehabilitación nos casos de simultánea ampliación de obra nova, segundo a superficie da obra rehabilitada e preexistente sexa superior ou inferior á da obra nova ou obxecto de ampliación.

3.- O CES considera necesario buscar un equilibrio entre, por un lado, o interese xeral de todos os cidadáns e, por outro, os dereitos de cada un dos propietarios, especialmente daqueles que carecen de recursos económicos para poder afrontar os custos das actuacións previstas na presente norma.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos.

En liña co expresado nas consideracións xerais, e dada a importancia que ten a Lei de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia, o CES entende que a exposición de motivos debe entrar a analizar e valorar máis polo miúdo as dinámicas que provocaron o abandono e deterioro dos núcleos urbanos e rurais. A modo de exemplo, debería facerse referencia, entre outros, á accesibilidade, ao envellecemento ou ao custo da rehabilitación, así como aos efectos secundarios que isto supón.

Título Preliminar - CAPÍTULO II. Informe de avaliación dos edificios.

Con relación ao IAE (Informe de Avaliación dos Edificios), no Capítulo II do Título Preliminar recóllese, ademais da súa definición, unha breve descrición do seu posible contido, establécense as condicións que regularán a súa obrigatoriedade e a súa vixencia, e sinala a creación dun Rexistro para a súa oportuna xestión. Non obstante, en ningunha sección do articulado se fai referencia á normativa reguladora na materia sobre as competencias profesionais dos axentes que poden elaborar o informe de avaliación dos edificios.

Artigo 12. A iniciativa na ordenación das actuacións sobre o medio urbano.

No concernente ás entidades ás que lle corresponde a iniciativa para propoñer a ordenación das actuacións sobre o medio urbano, o CES propón eliminar a letra e) do primeiro apartado

“e) Ás cooperativas de vivenda constituídas para o efecto”
así como incorporar “físicas e xurídicas” na letra c):

“c) Ás persoas físicas e xurídicas propietarias e titulares de dereitos reais ou de aproveitamento”

xa que na redacción proposta polo CES as cooperativas de vivenda quedarían englobadas baixo o termo “persoas físicas e xurídicas” xunto a calquera outros tipos ou modalidades de persoas xurídicas.

Artigo 13. Requisitos previos para a ordenación das actuacións no medio urbano.

Por razóns de seguridade xurídica, en opinión do CES debería clarificarse se o *ámbito delimitado* citado neste artigo 13, fai referencia á superficie construída preexistente ou á superficie do solo.

Artigo 14. Efectos da delimitación espacial dun ámbito de rehabilitación edificatoria, ou de rexeneración ou renovación urbanas.

No que atinxe á delimitación que no ámbito de actuación comporta a declaración de utilidade pública ou interese social (en consonancia co artigo 42.3 do texto refundido da Lei do Solo Estatal de 2015), o CES considera oportuno engadir no parágrafo 2 do primeiro apartado que a administración actuante poderá transmitir ou ceder eses dereitos a favor da persoa ou entidade que desenvolva a iniciativa ou promova o desenvolvemento nos sistemas de compensación ou concerto.

Deste xeito, e aínda que inicialmente é competencia da administración pública, esta estaría habilitada pola Lei para designar a outra entidade para o desenvolvemento da iniciativa.

Ao mesmo tempo, enténdese necesario facer mención expresa a ascensores accesibles, polo que se propón incorporar a expresión *“ascensores accesibles definidos na lexislación vixente”*. Esta observación é extensible ao resto do anteproxecto obxecto de ditame no que fai referencia a esta materia.

Asemade, considérase necesario engadir ao final do apartado 5 (artigo 14.5) o seguinte parágrafo ou outro de parecido teor en aras a unha maior claridade:

“Polo tanto, estas obras de rehabilitación poderán levarse a cabo aínda cando o índice de edificabilidade estea xa esgotado”

Asemade, co obxectivo de darlle prioridade á accesibilidade, o CES propón a modificación da redacción do segundo parágrafo do artigo 14 apartado 2 pola seguinte redacción ou outra de parecido teor:

“Os instrumentos de ordenación urbanística garantirán a aplicación da regra básica establecida no parágrafo anterior permitindo que aquelas superficies non computen para os efectos de cálculo do volume edificable nin para a ocupación máxima da parcela. Igualmente nestes casos non serán de aplicación as regras relativas ás distancias mínimas a lindeiros, a outras edificacións ou á vía pública ou aliñacións, ben aplicando calquera outra técnica que, de conformidade coa lexislación aplicable, consiga a mesma finalidade”.

Artigo 16. Planificación das actuacións no medio urbano

Dado que o artigo admite cualificacións diferentes para o subsolo, en opinión do CES o seu apartado 4 debería referirse a “*terreos destinados a espazos libres ou de dominio público*” en lugar de terreos destinados a dotacións e equipamentos urbanísticos. O que se pretende é facilitar o uso do subsolo na súa totalidade independentemente da asignación de uso urbanístico que teña a superficie.

Asemade, enténdese que esta observación é extensible ao resto do anteproxecto obxecto de ditame no que fai referencia a esta materia.

Artigo 19. Procedemento de tramitación das modificacións puntuais non substanciais de planeamento

O CES entende necesario a incorporación dos adxectivos *inicial*, *provisional* e *definitiva* nas letras a, b e c do apartado 1 en aras a unha maior harmonización e sistematización.

Artigos 21. Normas específicas de xestión da rehabilitación edificatoria en solo urbano consolidado; e 22. Normas específicas de xestión da rexeneración e renovación urbanas en solo urbano consolidado

En opinión do CES, resulta incoherente que en relación ás regras para a toma de acordos, nun artigo (o 22) se faga referencia á regra da unanimidade e noutro (o 21) se garde silencio ao respecto.

Artigo 24. Pago en especie dos prezos xustos expropiados

En coherencia co artigo 43.2 do texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, o CES entende que se debe suprimir a expresión “*Nestes casos, non se requirirá o consentimento da persoa expropiada para pagar en especie*”. É por isto polo que se propón para o parágrafo 1 a seguinte redacción ou outra de parecido teor:

“O pago en especie requirirá inescusablemente o acordo co propietario, agás cando se aplique a expropiación na xestión das actuacións sobre o medio urbano. Neste caso non será preciso o consentimento do propietario para pagar o xustiprezo expropiatorio en especie, sempre que o mesmo se efectúe dentro do propio ámbito de xestión e dentro do prazo temporal establecido para a terminación das obras correspondentes”.

Artigo 25. Obrigas relativas á edificación, conservación e rehabilitación.

O apartado 1 deste artigo indica que as persoas propietarias das edificacións están obrigadas a realizar as obras de conservación e de rehabilitación nos prazos e condicións previstas nas distintas normativas. O CES considera que neste apartado ten que facerse referencia específica a aquelas obras que afecten ás persoas con discapacidade, cunha redacción co seguinte ou similar teor:

“As persoas propietarias das edificacións están obrigadas a realizar as obras de conservación e de rehabilitación nos prazos e condicións previstas nas leis, especialmente naquelas que contemplan os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social; nos instrumentos de planeamento e, no seu caso, nos instrumentos de xestión e ordes de execución que os recollan”.

Título I. Actuacións sobre o medio urbano**Capítulo V. As intervencións nos conxuntos históricos e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección.**

O CES pon de manifesto a posibilidade de que a redacción actual do anteproxecto obxecto de ditame, no que fai referencia ao Título primeiro, capítulo 4, puidera conlevar un potencial risco no nivel de garantías de protección nos conxuntos históricos e ámbitos obxecto de planeamento especial de protección.

Artigo 41. Ámbitos afectados

No apartado 1 deste artigo faise referencia ás “normas provinciais de planeamento”. O CES considera necesario eliminar toda referencia a estas normas xa que teñen sido expresamente derogadas polo Plan Básico Autonómico (Decreto 83/2018, do 26 de xullo).

Artigo 44. Parcelario

Co obxectivo de poñer de relevancia e facilitar unha maior accesibilidade, o CES propón modificar a redacción do artigo 44, apartado 1 c) pola seguinte ou outra redacción de parecido teor:

“Agregar parcelas cando un dos edificios teña unha superficie ou configuración que fagan inviable resolver axeitadamente a accesibilidade universal ás

vivendas, sen que compute aos efectos de edificabilidade. Esta posibilidade tamén será aplicable para resolver os seguintes parámetros:

1º. O cumprimento das condicións das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

2º. A posibilidade de que a vivenda teña un mínimo de tres estancias destinadas a salón e dous dormitorios.

3º. O cumprimento dos estándares establecidos no Código Técnico da Edificación, admitíndose solucións alternativas que garantan os mesmos niveis de prestacións”.

No que atinxe ao apartado e) deste artigo, propónse a seguinte redacción ou outra de parecido teor:

“e) Permitir a redacción de proxectos que afecten a varios edificios que poidan dispor de espazos comúns do conxunto da promoción. Recoméndase especialmente o seu uso para os patios de rueiro e para dotar de accesibilidade deste tipo de propiedade, posibilitando o acceso a varias parcelas a través dun único ascensor accesible”.

Artigo 45. Licenzas directas

En opinión do CES este artigo debería formar parte dunha sección independente (2ª) enumerando a seguinte sección como 3ª, para maior claridade e seguridade xurídica.

Artigo 50. Áreas de Rehabilitación Integral.

O primeiro apartado deste artigo non fai referencia en ningún momento aos procedementos establecidos para as áreas de rehabilitación integral, polo que en opinión do CES debería completarse a súa redacción engadindo a expresión

“segundo os procedementos en cada caso establecidos”

ou outra de similar teor.

Artigo 63. Declaración de núcleo rural en estado de abandono

O apartado 1 establece a existencia de que todas as edificacións residenciais estean desocupadas e en estado de ruína para a declaración de núcleo rural en estado de abandono. O CES entende que se debería flexibilizar o criterio, sen

prexuízo dos dereitos do/s propietario/s da/s vivenda/s habitadas, xa que considera que é unha norma demasiado restritiva e que podería paralizar actuacións desexables, incluso en beneficio do particular.

Artigo 65. Procedemento de venda

En opinión do CES debería flexibilizarse o requisito da limitación do procedemento de venda aos inmobles residenciais inscritos polos seus propietarios de xeito voluntario no rexistro ao que se fai referencia no artigo anterior, permitindo a venda tamén a inmobles non inscritos, sen prexuízo do consentimento expreso dos propietarios e do respecto dos dereitos reais que sobre os inmobles ostenten aqueles en virtude da normativa vixente.

Título III. Coordinación administrativa para a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas

CAPÍTULO II. Oficinas de rehabilitación

Dado que a norma pretende "simplificar e axilizar unha tramitación administrativa e mellorar a atención ao cidadán", o CES considera que se deberían deslindar claramente as xerarquías, competencias e prevalencias de criterio entre os servizos de urbanismo municipal, as oficinas de rehabilitación e os centros Rexurbe.

Artigo 76. Funcións dos centros Rexurbe

No que ás funcións dos centros Rexurbe se refire, o CES considera que se debería facer mención expresa ás actuacións destinadas a dotar de accesibilidade á propiedade, polo que propón modificar o texto do punto 7 deste artigo, coa seguinte redacción ou outra de parecido teor:

“7. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á protección do patrimonio cultural e á mellora da accesibilidade en asunción das funcións que poida encomendar a dirección xeral dependente da consellería competente nestas materias”.

Artigo 83. Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

O CES entende que é necesario aclarar o contido deste artigo, referente ao fondo de cooperación, co obxectivo de facelo congruente co título do devandito precepto. O apartado 2 establece que poden acollerse ao fondo os concellos que teñan unha poboación igual ou superior á que se determine por resolución da Presidencia do IGVS e, sen embargo, o título fai referencia expresa a municipios de menos de 50.000 habitantes.

Artigo 111. Bonificación fiscal

No concernente á bonificación do 90% na cota íntegra do canon para as persoas en risco de exclusión social, considérase desproporcionada a exixencia de pago de cantidade algunha aos mencionados colectivos. En opinión do CES os colectivos máis desfavorecidos deben quedar exentos de pago algún e deben aplicarse as bonificacións ás persoas con recursos económicos medios-baixos sen chegar á exclusión.

Título IV. CAPÍTULO IV. Das medidas específicas de apoio á recuperación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono

O CES considera que o título do capítulo é incorrecto xa que non se adecúa ao seu contido. Por unha banda, faise referencia a “medidas específicas de apoio”, e por outra non se desenvolve ningunha medida concreta, polo que ou ben se debería eliminar a palabra “específicas” do título ou ben se deberían desenvolver as medidas concretas.

2.2 REUNIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectoriais de traballo, ademais dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, como todo o resto do material documental, na web do Consello.

A actividade do exercicio 2018 demandou a celebración de tres sesións plenarias, seis reunións da Comisión Permanente e catorce sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as propostas dos traballos.

Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados.

Pleno: 3 sesións

- 1/18 celebrado o 30 de xullo: proposta de aprobación da Memoria sobre a situación económica de Galicia 2017 e proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) do CES Galicia.
- 2/18 celebrado o 10 de outubro: aprobación da proposta de orzamento do CES para 2019 e aprobación do informe “Análise económica do grao de exposición da economía de Galicia ante o Brexit. Principais consideracións”.
- 3/18 celebrado o 12 de decembro: aprobación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación urbanas de Galicia.

Comisión Permanente: 6 sesións

- 1/18 celebrada o 7 de febreiro: proposta do programa de obxectivos e actividades so CES para 2018.
- 2/18 celebrada o 15 de marzo: proposta de resolución en relación coa petición formulada pola Asociación Agraria Galega para a súa incorporación como membro de pleno dereito ao CES.

Posta en coñecemento da nova relación de postos de traballo do CES.
Actividades 2018.

- 3/18 celebrada o 29 de xuño: Informe a cargo de Fernando González Laxe do estudo sobre o impacto do Brexit en Galicia.
Presentación da proposta de resolución pola que se establece o procedemento de libramento e xustificación de fondos do concepto de transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro para o ano 2018.
- 4/18 celebrada o 26 de xullo: tramitación da proposta de Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2017.
- 5/18 celebrada o 4 de outubro: comparecencia de representantes do Foro de Economía Social. Valoración e comentarios sobre a comparecencia do Foro. Tramitación da proposta de informe “Análise económica do grao de exposición da economía de Galicia ante o Brexit. Principais consideracións”, como trámite previo a súa aprobación polo Pleno. Aprobación da proposta de orzamento do CES para o 2019.
- 6/18 celebrada o 10 de decembro: tramitación da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación urbanas de Galicia

Comisión Sectorial nº 1- Economía, emprego e sectores produtivos: 1 sesión.

- 1/18 celebrada o 20 de setembro: Estudo da proposta do informe “Análise económica do grao de exposición da economía de Galicia ante o Brexit. Principais consideracións.

Comisión sectorial nº 2- Sector público e benestar social: 3 sesións.

- 1/18 en sesión do 28 de novembro: elaboración do ditame sobre o anteproxecto da Lei de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia. Estudo da proposta de ditame.

- 2/2018 en sesión do 3 de decembro: continuación do estudio da proposta de ditame sobre o anteproxecto da Lei de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia.
- 3/2018 en sesión do 5 de decembro: revisión final da proposta de ditame do anteproxecto de Lei de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas de Galicia.

Comisión sectorial nº 3- Desenvolvemento Rexional: 1 sesión.

En cumprimento do acordo da Comisión Permanente do CES de crear un grupo de traballo sobre fondos de cohesión europeos na perspectiva 2021-2027:

- 1/18 celebrada o 19 de xullo: comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores coa Unión Europea para explicar o contido das propostas que se elaboraron para este período.

Comisión sectorial nº 4- Memoria socioeconómica: 14 sesións.

Como cada ano, a Comisión Sectorial nº 4 elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2017, para o que foron necesarias trece sesións debido as deliberacións e debates xurdidos cas novas propostas froito do acontecer da nosa economía.

Celebrouse tamén, como reflexión previa ao comezo dos traballos para a memoria do 2018, unha sesión de estudo de novas propostas .

- 1/18 celebrada o 12 de marzo: co fin de levar a cabo unha reflexión previa ao comezo dos traballos da nova Memoria e propostas de modificacións para a súa mellora.
- 2/18 celebrada o 26 de abril: análise da proposta do Capítulo 2-Mercado de traballo e relacións laborais.
- 3/18 celebrada o 8 de maio: análise da proposta do Capítulo 3-Dinamismo do tecido produtivo.
- 4/18 celebrada o 15 de maio: análise da proposta do Capítulo 4-Calidade de vida e benestar social.

- 5/18 celebrada o 25 de maio: análise da proposta do Capítulo 1- Panorama económico.
- 6/18 celebrada o 31 de maio: análise da proposta do Capítulo 5- Recursos e capacidades para o desenvolvemento.
- 7/18 celebrada o 7 de xuño: estudo da nova proposta do Capítulo 3- Dinamismo do tecido produtivo e proposta do resumo para consideracións do capítulo 3.
- 8/18 celebrada o 14 de xuño: estudo do novo Capítulo 2- Mercado de traballo e relacións laborais. Proposta de resumo para consideracións do capítulo 2 e proposta de novo resumo para consideracións do capítulo 3.
- 9/18 celebrada o 21 de xuño: análise das propostas do novo capítulo 1- Panorama económico. Proposta de resumo para consideracións do capítulo 1. Análise da proposta do novo capítulo 4- Calidade de vida e benestar social. Proposta de resumo para consideracións do capítulo 4. Proposta de resumo para consideracións do capítulo 3 (pendente da sesión anterior).
- 10/18 celebrada o 28 de xuño: continúaase co análise da proposta do capítulo 4-Calidade de vida e benestar social así como da proposta de resumo. Análise do novo capítulo 5- Recursos e capacidades para o desenvolvemento. Proposta de resumo para consideracións do capítulo 5. Proposta de aprobación dos novos resumos para consideracións dos capítulos 1, 2 e 3.
- 11/18 celebrada o 10 de xullo: análise da proposta de consideracións da Memoria.
- 12/18 celebrada o 11 de xullo: continuación da análise de proposta de consideracións da Memoria.
- 13/18 celebrada o 13 de xullo: continuación e aprobación da análise de proposta de consideracións da Memoria.
- 14/18 celebrada o 26 de novembro: estudio e debate das propostas de mellora de contidos e métodos de traballo da Comisión para a redacción da Memoria anual.

2.3 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa a súa actividade interna, dirixida á plasmación do seu labor consultivo, o CES desenvolve tamén actividades de tipo externo como colaboracións con outros organismos, participación en organizacións de ámbito tanto comunitario como europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquiredanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

As actividades levadas a cabo no 2018, seguindo orde cronolóxica son as seguintes:

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica:

15 de xaneiro, 16 de xullo e 19 de decembro.

O 15 de xaneiro o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado asesor no que participa o CES, celebrou a súa segunda sesión, na que quedaron constituídos cinco grupos de traballo nos ámbitos de actuación que se consideran claves para a abordaxe do reto demográfico. Estes cinco grupos abordarán temas de Xuventude, Apoio ás familias, Envellecemento, Emigración/inmigración e Medio rural. Os grupos de traballo configúranse como espazos de intercambio de coñecemento, análise e reflexión cuxo obxectivo é realizar propostas de actuación para articular políticas que permitan abordar o reto poboacional da Comunidade Autónoma.

Na sesión elixiuse tamén á vicepresidencia do organismo, un cargo de carácter rotatorio que recaeu na representante da Universidade de Santiago de Compostela.

O Observatorio, que celebra as súas sesións na sede no CES, ten entre as súas funcións as de recompilar, analizar e intercambiar información relevante desde o punto de vista demográfico; definir e aplicar indicadores que permitan medir as variables demográficas, con especial atención ao fenómeno da exclusión territorial ou á singularidade e especificidade dos impactos do cambio demográfico en Galicia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten

de interese dende o punto de vista demográfico; promover a produción de material documental de interese; identificar as iniciativas en materia de dinamización demográfica; e formular propostas e recomendacións para ser consideradas na configuración das liñas estratéxicas da acción pública de Galicia.

Tamén promove foros de discusión e debate; elaborará un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia e fomentará calquera outra actuación que se considere necesaria en relación coa dinamización demográfica. Neste senso, no transcurso da reunión avanzouse no establecemento dun cronograma para presentar as valoracións das medidas que se levarán a cabo nos vindeiros meses, co obxectivo de realizar un seguimento permanente da evolución das dinámicas demográficas.

A segunda sesión celebrouse o 16 de xullo e, ademais do nomeamento de novos membros da Secretaría Xeral de Igualdade e da Cª do Medio Rural e as actuacións a levar a cabo, presentouse e aprobouse o informe “Galicia: Perspectivas demográficas” o cal pode consultarse na web da Consellaría de Política Social (<http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-familia>) .



A cuarta sesión do Observatorio tivo lugar o 19 de decembro na que se presentou e aprobou a segunda parte do informe “Galicia: perspectivas demográficas. Análise DAFO e CAME.

Este informe senta as bases que servirán para deseñar as medidas que axuden a revitalizar e dinamizar a demografía de Galicia e orientarán a futura lei de impulso demográfico, que será aprobada nos primeiros meses do 2019, para reverter a tendencia poboacional. A Conselleira de Política Social, Fabiola García Martínez, presidiu a sesión deste órgano no que están representadas as administracións, os grupos parlamentarios, as universidades, os sindicatos, os empresarios, entidades sociais e profesionais e expertos nesta materia.



Reunión CES Autonómicos e CES España en Madrid

18 de xaneiro

Na sede do CES España celebrouse unha reunión dos presidentes dos CES autonómicos para debater a organización e contidos do encontro anual que se organizou en Mallorca.

Celebrouse tamén o acto de despedida do CES de Asturias, disolto en novembro do 2017.


Acto de presentación do informe “POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”. Santiago de Compostela**27 de febreiro**

O 27 de febreiro celebrouse en Santiago o acto de presentación pública do informe elaborado ao longo do ano anterior “Por unha alianza no sector industrial galego”, o acto reuniu a protagonistas do sector manufactureiro, axentes socioeconómicos e representantes políticos nunha xornada onde se plasmou a alianza de tódolos implicados. O informe, que contou cunha activa participación do sector, concretouse en 50 propostas sobre as necesidades que ten a industria galega para afrontar os cambios tecnolóxicos que se están a producir e as súas consecuencias para o seu futuro e o do emprego.

**Xornada “Dixitalización, emprego e benestar”.****22 de marzo**

O 22 de marzo na sede do CES, representantes dos axentes económicos e sociais e expertos de distintas universidades déronse cita para debater sobre as consecuencias que terá a aplicación das novas tecnoloxías na industria sobre o emprego e o futuro da nosa sociedade.

A xornada, organizada polo CES e o Consello Galego de Relacións Laborais coa colaboración do IGAPE e enmarcada na iniciativa “Por unha alianza no sector industrial galego”, serviu para coñecer os retos e desafíos que as novas tecnoloxías e a xa imparable dixitalización están a ter no eido do emprego, nas organizacións e na relación laboral, ademais dos retos que enfrontamos como sociedade do benestar. Os poñentes e os axentes económicos e sociais aportaron os seus comentarios e opinións sobre ese futuro que é xa unha realidade. Foron cinco as intervencións que tiveron lugar ao longo da xornada, tales como “Industria 4.0: tecnoloxías e aplicacións en Galicia”, “ Intelixencia artificial e emprego”, “Cambios nas cualificacións e retos formativos”, “Mudanzas na organización e na relación laboral” y “Retos para a sociedade do benestar”.



Proxecto REFORCE

9-11 de abril. Ljubljana- Eslovenia.

O Proxecto comezou en maio de 2017 e ten unha duración de tres anos. Nembargante, o CES incorporouse a comezos do ano 2018, participando xa na reunión anual de maio deste ano en Ljubljana.

O obxectivo é determinar os efectos das diferentes estratexias propostas polos científicos na explotación dos bens e servizos dos ecosistemas e especialmente referidas aos bosques. Avoga tamén por mellorar a comunicación entre os xestores e os científicos e garantir un equilibrio entre as demandas sociais dos bens e servizos que xeran os bosques e a súa resiliencia fronte ao cambio climático.

O Reforce está liderado polo Instituto de Ciencias e Tecnoloxías para o Medio Ambiente e a Agricultura (IRSTEA) de Francia.

O CES forma parte do Comité asesor a proposta da Universidade de Vigo. Dito Comité está composto por dous representantes de Francia e un de Austria, Eslovenia, Bélxica e España. O seu papel consiste en axustar a definición de entregables do proxecto e desenvolver aínda máis o plan de difusión (entre científicos, administracións, centros investigacións...)

Nesta reunión anual presentouse o estado dos distintos grupos de traballo, que estaban centrados na súa meirande parte en aspectos científicos, dedicando unha das sesións ao análise do impacto económico e a mellora da xestión.

Dende o CES insistíuse na necesidade de considerar os efectos dos incendios, dada a importancia que ten tanto en Galicia como no norte de Portugal. Asemade, en relación á mellora da difusión do proxecto, nesta primeira fase transmitíuse a importancia do CES e a súa composición, así como as experiencias da participación na RTA e as colaboracións con outros CES.

Encontro anual dos CES autonómicos en Palma de Mallorca.

26 e 27 de abril

O CES das Illas Baleares foi o anfitrión do encontro anual dos Consellos Económicos e Sociais autonómicos, que tivo lugar os días 26 e 27 de abril e no que, como é habitual, participou o CES de Galicia coa presenza da presidenta e o secretario xeral.

A comunidade balear recuperou a ano pasado o seu Consello, logo de ter sido suspendido na anterior lexislatura. Na reunión deste ano, a presidenta do CES-Galicia tivo ocasión de presentar diante dos seus homólogos as conclusións e propostas da iniciativa "Por unha alianza no sector industrial galego", ademais

de poñer en común outros proxectos propios e escoitar ideas e experiencias dos outros organismos.

Ademais da reunión de traballo dos CES, os asistentes foron recibidos por distintas autoridades autonómicas e tiveron ocasión de asistir á presentación do avance do estudo encargado ao CES polo Goberno balear titulado "Las Islas Baleares en el horizonte 2030".



CES atlánticos europeos RTA en París.

22 de maio

Para un mellor cumprimento dos seus fins de representacións dos intereses da sociedade civil organizada de Galicia en todos os ámbitos, e dada a crecente importancia das decisións estratéxicas que son tomadas no nivel comunitario, o CES mantén presenza en instancias europeas a través de mecanismos de

participación postos en marcha con organismos homólogos do noso entorno, en particular como membro da Rede Transnacional Atlántica (RTA) e colaborando coas súas propostas no desenvolvemento da Estratexia marítima para a zona do océano Atlántico.

Está integrada polos Consellos Económicos e Sociais de Andalucía, Galicia, Canarias, Estremadura, Castela-León; Nouvelle Aquitaine- que engloba Aquitania, Limousin y Poitou-Charentes-, Pays-de-la-Loire, Bretaña, Normandía, y da Rexión Centro; os Foros Económicos do País de Gales; o Instituto de Soldadura e Qualidade, ISQ, Foro Oceano de Portugal, e está asociado os seus traballos o Irish Sea Maritime Forum.

Este ano a sede do Instituto Cervantes en París foi o escenario da reunión do Comité Executivo da Rede Transnacional Atlántica (RTA), na que o CES de Galicia estivo representado pola presidenta e mais o secretario xeral do organismo. Entre outros asuntos, os membros da executiva analizaron o estado de situación do grupo de traballo de Estratexia Atlántica da RTA. Tamén puxeron en común a situación do estudo sobre o Brexit que está en marcha e prepararon a reunión xeral do Comité de Orientacións, que ten lugar no outono.



Sede da sinatura do protocolo de colaboración transfronteiriza entre a Unión de Consumidores de Galicia e a Asociación lusa de Defensa do Consumidor (DECO)

12 de xullo

A sede do CES foi o escenario elixido para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Unión de Consumidores de Galicia e a asociación lusa Defensa do Consumidor (DECO) polo que ambas organizacións colaborarán para afrontar os retos nas relacións de consumo transfronteiriza.

En presenza da presidenta do CES, Corina Porro, os representantes das dúas asociacións asinaron o protocolo de colaboración nun acto que contou tamén como invitados con varios membros do CES, ademais de representantes de empresas e da Administración autonómica.

O convenio transfronteiriza foi asinado polo secretario xeral da UCGAL, Miguel López, membro titular do CES e a Directora Xeral da DECO, Ana Tapadinhas. A presentación do acto correu a cargo da presidenta do CES Galicia.

A través deste instrumento, as dúas entidades colaborarán no fomento dunhas mellores relacións de consumo entre Galicia e Portugal.

Tras agradecer a presenza das autoridades e a hospitalidade do Consello Económico e Social de Galicia, o secretario xeral da UCGAL explicou que este acordo “nace como resposta ó continuo contacto e intercambio entre dous territorios no que diariamente se establecen relacións de consumo e no que as persoas consumidoras necesitan puntos de encontro e referencia ante as dúbidas e problemáticas que lles poidan xurdir a un e outro lado da raia”. Intres antes da firma, a Directora Xeral da DECO, Ana Tapadinhas, debullou a traxectoria da DECO sinalando a importancia da sinatura deste convenio de colaboración, “o primeiro que DECO establece cunha asociación de consumidores galega nos seus corenta anos de historia”.

López Crespo aseverou que no marco deste convenio “ambas entidades desenvolverán programas de comunicación e actuacións conxuntas que redunden na mellora da posición dos cidadáns portugueses e galegos, no seu rol de persoas consumidoras e usuarias”. Neste sentido, ambas entidades apuntaron a importancia que supón a colaboración entre asociacións de

consumidores que existen en espazos comúns e que teñen entre os seus fins e obxectivos a axeitada información e formación dos cidadáns no eido do consumo e dos servizos públicos.

O convenio establece que UCGAL e DECO prestarán servizos ás persoas socias da outra entidade relacionados co asesoramento, a información e a asistencia para o exercicio dos dereitos que lles corresponden como persoas consumidoras. Ambos organismos asumen o compromiso de asistencia mutua nos procesos de reclamación iniciados no seu territorio por unha persoa asociada á outra entidade.



Ademais, o convenio permitirá a realización conxunta de campañas de información e sensibilización e de estudos, a mutua prestación de servizos de asesoramento en relación cos dereitos e obrigas das persoas consumidoras e usuarios; e o intercambio de experiencias e coñecementos e o apoio mutuo para a consecución dos obxectivos e reivindicacións comúns de ambas as dúas entidades.

Un dos primeiros retos que abordarán ámbalas entidades será o deseño dun mecanismo transfronteirizo de resolución extraxudicial de conflitos.

Comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE FONDOS DE COHESIÓN EUROPEOS

19 de xullo

Unha comparecencia na sede do CES do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta, Jesús Gamallo Aller, foi o punto de partida dun novo informe no que xa está a traballar este organismo: unha análise sobre as perspectivas que se abren para Galicia co novo período de programación dos Fondos de Cohesión Europeos, no horizonte 2021-2027.



Consciente da importancia que os fondos comunitarios e as diferentes iniciativas que poden financiar teñen para o desenvolvemento de Galicia, o Consello Económico e Social de Galicia acordou, na última sesión da súa Comisión Permanente, crear un grupo de traballo para estudar as propostas que se poden facer desde Galicia en relación co período de programación para os anos 2021-2027 dos fondos comunitarios. O informe foi encargado á Comisión sectorial nº 3, Desenvolvemento rexional, do Consello.

O obxectivo final do traballo do CES é plasmar as aspiracións e inxerencias dos axentes sociais representados no organismo en relación con eses fondos e nas súas prioridades e o seu posible impacto para Galicia e facer chegar esas conclusións tanto ao Goberno galego como as instancias comunitarias.

Na súa comparecencia diante da Comisión sectorial, o director xeral expuxo unha visión xeral das iniciativas que estanse a desenvolver polo seu departamento neste eido. A intervención foi seguida dunha rolda de preguntas moi activo por parte dos membros do CES.

Neste primeira fase do proceso de elaboración do informe trátase de que representantes institucionais con competencias e coñecemento directo deste tema podan explicar aos membros do Consello o estado de situación do novo período de programación, as súas perspectivas e os impactos previstos para Galicia.

Xornada “Envellecemento e demencias neurodexenerativas en Galicia”.


24 de setembro

Esta xornada, ofreceu, nun período de 5 horas, unha visión completa do impacto das demencias no territorio galego. Con este fin elaborouse un programa que reuniu expertos en distintos ámbitos e contou tamén coa colaboración de diversos axentes que presentaron unha visión dende a súa experiencia en aspectos como a demografía, a atención sociosanitaria, a realidade económica e a inserción laboral.

Baixo o título Envellecemento e demencias neurodexenerativas en Galicia, celebrouse o 24 de setembro, na sede do Consello Económico e Social de Galicia, organizada por este organismo en colaboración coa Federación Alzheimer Galicia (FAGAL). Foi aberta á participación de calquera persoa interesada por esta problemática, que, afecta a miles de galegos e galegas e ás súas familias e ten un enorme impacto social e económico.

Salienta a importancia dunha mesa onde se presentou a abordaxe sociosanitaria das demencias mediante a colaboración dos departamentos da Xunta con competencias neste eido e coa perspectiva da reactivada comisión sociosanitaria de Galicia.

Así mesmo, a recente confección dunha carteira de servizos de prevención da dependencia específica en demencias, na que se remarca a ratio de persoal precisa para os diferentes servizos, e a xa asentada estrutura profesional dos servizos sanitarios merecen unha análise pormenorizada, non só polo investimento que precisan, senón pola taxa de retorno e promoción da actividade económica que implican.



Como lembrou a presidenta do CES, Corina Porro, na súa presentación, preto de 50.000 persoas están afectadas directamente por estas doenzas, pero o seu alcance é moito maior, porque afecta moi duramente a coidadores e familia en xeral, afección que é máis grave pola avanzada idade da poboación de Galicia.

Pola súa banda, o conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, Jesús Vázquez Almuiña, que participou no acto inaugural da sesión, centrou a súa intervención na necesidade dunha atención multidisciplinar para os afectados, cun enfoque integrado entre os servizos sociais e os sanitarios. Tamén salientou a importancia da investigación para a detección precoz da enfermidade.

O presidente de FAGAL, Juan Carlos Rodríguez, na súa intervención “Que son as demencias en Galicia: envellecemento, poboación e demencias” tivo ocasión de facer chegar aos membros do CES a idea de que é necesario que a sociedade no seu conxunto se implique nesta problemática e que sexa solidaria cos afectados e as súas familias.

A atención as persoas cunha demencia en Galicia foi abordada na súa dobre vertente sanitaria e social por representantes da Xunta e os asistentes puideron ver tamén o impacto económico destas doenzas, tanto nos seus custos directos como os indirectos trala intervención do profesor da USC, Melchor Fernández.



CES atlánticos europeos RTA en París.

5 de outubro

O Pleno da RTA, do que o CES Galicia mantén unha das vicepresidencias do Comité Executivo, é o máximo órgano de decisión e orientación da plataforma de cooperación dos Consellos Económicos e Sociais das rexións da fachada atlántica, reuniuse en París con dous asuntos principais na súa orde do día, o proceso de avaliación e revisión do Plan de Acción da Comisión Europea sobre a Estratexia Atlántica e o corredor atlántico de transportes.

Presentouse un documento de opinión a dito Plan e invitouse o responsable da Comisión Europea na materia para abordar os puntos principais do proceso.

Os CES españoles plantexan unha análise de impacto socioeconómico do corredor, un corredor ferroviario de pasaxeiros e mercancías que conecta os portos da fachada atlántica co interior e co resto de Europa. Boa parte da axenda dedicouse por tanto ó corredor atlántico, no que deberá centrarse os traballos da RTA nos próximos meses para poñer de relevo a necesidade de completar a execución do corredor, a súa extensión a áreas desconectadas dos

eixes de transporte europeos, a súa operatividade e as conexións intermodais, sobre todo as do ámbito marítimo e as autopistas do mar.



Sinatura dun protocolo de colaboración entre CES para a realización de actividades conxuntas

29 de outubro, Salamanca

O CES de Galicia, representado pola súa presidenta, Corina Porro, e mais o seu secretario xeral, Juan José Gallego, asinou cos seus homólogos de Castela e León, Germán Barrios, Extremadura, Mercedes Vaquera e Andalucía, Angel J. Gallego, un protocolo para colaborar no desenvolvemento do oeste peninsular.

A través do protocolo de colaboración asinado, os organismo consultivos amosarán o seu apoio ao corredor atlántico, mediante iniciativas coordinadas, porque o consideran estratéxico para o desenvolvemento das catro comunidades que limitan con Portugal. Este asunto é clave tamén no traballo que o CES-Galicia realiza no marco da Rede Transnacional Atlántica, que agrupa aos organismos similares da fachada atlántica europea. A RTA decidiu nunha recente reunión que era necesario reforzar a posición das rexións atlánticas neste corredor.



O documento asinado ten por obxectivo a realización de actividades conxuntas entre estes organismos que comparten o eixo atlántico e a zona transfronteiriza co veciño luso e que, en conxunto, constitúen un espazo de forte interrelación social, económica e cultural, cun gran potencial de desenvolvemento.

O traballo conxunto buscará compartir iniciativas e experiencias para axudar ao desenvolvemento socioeconómico aos dous lados da “raia”, en particular en torno ás posibilidades que dan as novas necesidades de comunicación. Nese senso, os CES asinantes falan da posibilidade de crecemento conxunto en torno ao eixo que marca o Corredor Atlántico e os seus proxectos.

Cómpre lembrar que o protocolo recolle tamén outra preocupación común a estes territorios: a problemática de evolución demográfica, que é especialmente desfavorable nos casos de Galicia e Castela e León.

Comparecencia da presidenta no Parlamento de Galicia

31 de outubro

A presidenta do CES Galicia compareceu, como cada ano, ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 31 de outubro para presentar o presuposto do 2019 do organismo que preside, un 3,18 % mais que no 2018.

Na súa intervención, Corina Porro dou conta das actividades e iniciativas que se levaron a cabo ao longo do ano e, ao mesmo tempo dos proxectos, colaboracións e actividades que o Consello ten en perspectiva para o 2019.

Unha das novidades que a presidenta do CES Galicia defendeu foi a integración no organismo da representación da economía social tal como contempla a propia Lei de economía social de Galicia. Os representantes, que foron escoitados pola Comisión Permanente, explicaron os seus obxectivos e proxectos e non se manifestou en contra ningunha organización das actuais.

Considerase que melloraría e reforzaría o papel do Consello.



Congreso BUSSINESS2Sea- Fórum do mar 18**15 de novembro, Oporto**

A Rede Transnacional Atlántica RTA participou no Fórum do Mar 2018 que se celebrou na cidade de Oporto para amosar a súa experiencia en cooperación interrexional e transfronteiriza. Organizado por Fórum Océano e por Cetmar, o congreso reuniu a expertos de distintas entidades, institucións e empresas de actividades relacionadas coa economía marítima. O CES Galicia estivo representado pola súa presidenta e o secretario xeral.

**Xornada “O impacto socioeconómico do turismo en Galicia”.****22 de novembro**

Analizar polo miúdo o impacto socioeconómico do turismo en Galicia foi o obxectivo da xornada que celebrou o Consello Económico e Social en Santiago de Compostela o día 22 de novembro.

Organizada en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia e enmarcada no Protocolo de colaboración asinado polo CES cos seus homólogos fronteirizos con Portugal (Andalucía, Castela y León e Estremadura), o evento tenta amosar as distintas facianas dunha actividade de singular importancia na economía e o emprego, en particular nalgunhas zonas.

A xornada artéllase en torno a tres relatorios principais: por unha banda, unha visión xeral de Galicia como destino turístico, a cargo da directora da Axencia Turismo de Galicia, Nava Castro, de seguido, o foco centrouse no impacto socioeconómico do Camiño de Santiago, o "produto estrela" deste sector na nosa comunidade autónoma, cunha conferencia a cargo do profesor da USC Melchor Fernández, e o terceiro segmento estivo abdicado ao Camiño en Portugal e contou coa presenza da directora do Departamento de Desenvolvemento e Innovación de Turismo de Portugal, Teresa Ferreira, e do presidente da Associação do Caminho Português de Santiago, Joao Gomes de Abreu de Lima.

Como é habitual, a xornada rematou cunha mesa redonda na que participaron representantes das organizacións sindicais e empresariais e entidades do CES para debater as repercusións económicas e sociais da actividade turística.



“A actividade turística ten repercusións salientables en eidos tan variados como o cultural, o ambiental e, por suposto, o económico e social. O obxectivo desta xornada é analizar ese impacto socioeconómico do turismo en Galicia,

tanto en conxunto como no caso particular do protagonismo do Camiño de Santiago, que mira xa ao vindeiro Xacobeo.



Como lembran as empresas agrupadas no clúster de turismo, “o sector turístico constitúe un dos alicerces da economía galega, con cifras de actividade xerada que ascenden a máis de 6 mil millóns de euros, o que representa o 10,6% do Produto Interior Bruto e o 11,5% do emprego, cifras que fan do turismo una das industrias máis potentes na nosa Comunidade e un dos sectores que está a ser capaz de xerar emprego en Galicia”.

Nun contexto de forte competencia internacional, o fomento da cadea de valor –que inclúe a oferta principal, as actividades complementarias e tamén os servizos e equipamentos– é un dos obxectivos compartidos polas empresas do sector e a administración, que tentan acadar unha marca de Galicia como destino de calidade cunha oferta variada e sostible.

Reunión coa Confederación de Empresarios de Pontevedra na sede do CES. 29 de novembro

O presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), Jorge Cebreiros Arce, e a presidenta do CES compartiron impresións sobre as

principais necesidades para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

Cebreiros destacou a sintonía sobre as infraestruturas, en particular no relativo ó Corredor Atlántico, loxística e formación, así como os retos que supoñen para Galicia a dispersión e o envellecemento da poboación, ademais da recuperación do talento.



“Para o empresariado é fundamental o papel das Administracións Públicas na planificación de inversións que repercuten directamente na competitividade do tecido empresarial, de modo que se complementen e respalden a inversión privada”.

O Presidente da CEP informou a Corina Porro das recentes alianzas empresariais estratéxicas nas que a Confederación está involucrada, como é o caso da Plataforma Atlántico Noroeste (PAN) e da Alianza Noroeste. Ambas lobbies inclúen distintas organizacións empresariais e entidades de Galicia, Asturias e Castela e León, que de forma conxunta adquieren un peso económico e poboacional moi significativo.

A PAN ten como principal obxectivo lograr a conexión do noroeste peninsular co Corredor Atlántico ferroviario de mercancías da UE, así como un desenvolvemento das infraestruturas que garante o crecemento económico.

Os empresarios de Asturias, León, Zamora, Salamanca e as catro provincias galegas firmaron unha alianza para defender o noroeste peninsular e reivindicar as inversións necesarias para o progreso socioeconómico das oito provincias.

A confluencia de intereses entre os organismos levará ó CES Galicia a organizar, nos próximos meses unha serie de xornadas para fomentar a participación dos axentes sociais no debate sobre estas materias.

V Edición do Premio “Valentín Paz Andrade” de investigación en economía de Galicia

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do V Premio de Investigación en Economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”, convocado co obxecto de recoñecer e premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.

Nesta convocatoria 2018, o xurado, reunido no salón reitoral do Pazo de Fonseca e despois das necesarias deliberacións, otorgou o premio na modalidade 1 ao artigo sobre turismo en Santiago de Compostela "Length of stay: Evidence from Santiago de Compostela" publicado por Xosé A. Rodríguez, Fidel Martínez-Roget e Pilar González-Murias na revista *Annals of Tourism Research*; o xurado destacou o carácter novidoso do traballo e a exhaustividade do mesmo, cun rigoroso análise estatístico que permite tirar conclusións relevantes para o deseño da política turística na área de Santiago de Compostela.

E na modalidade 2, o premio foi para a tese “Circulación monetaria y crédito en Galicia al final del Antiguo Régimen” de Francisco Cebreiro Ares, neste caso o xurado destacou a relevancia do obxecto de estudo, a orixinalidade do enfoque e o rigor metodolóxico do mesmo, que aborda "un tema escasamente analizado ata agora e sobre o que fai unha contribución sobresaínte".



Na súa intervención no acto, a presidenta do Consello lembrou a importancia da investigación como forma de coñecemento da realidade para unha mellor toma de decisións e o decidido apoio do CES neste campo e animou aos presentes a comezar a traballar para unha vindeira convocatoria destes premios.

Convenio coa Universidade da Coruña

No marco das relacións de intercambio, en particular, dentro do ámbito socioeconómico, a Universidade da Coruña e o Consello Económico e Social de Galicia teñen intereses comúns nos campos académico e científico. Dentro desa confluencia de intereses esta tamén a formación.

Neste sentido, a nova ordenación das ensinanzas universitarias conleva a realización de prácticas externas en entidades públicas ou privadas para capacitar aos estudantes de grao e mestrado no mercado laboral.

Atendendo a tal obxectivo o CES Galicia asinou dous convenios para a realización de prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Dereito e da Facultade de Economía e Empresa.

Neste programa de prácticas externas curriculares da Facultade de Economía e Empresa, ao abeiro deste convenio, participou, no ano 2018, o estudante de Grao en Ciencias Empresariais, Benjamín Moreira Gómez para o que foi designado un titor e deseñado un plan de traballo a realizar.

2.4 PRESENCIA INSTITUCIONAL

Como parte da súa actividade, tanto a presidenta coma o secretario xeral participaron en distintos actos en representación institucional do Consello.

No ano 2018 e por orde cronolóxico foron os seguintes:

15 de xaneiro: Acto “FORUM EUROPA. Tribuna Galicia” con D. Miguel Santalices, Presidente del Parlamento de Galicia, no Parador Reis Católicos en Santiago de Compostela.

25 de xaneiro: Acto “FORUM EUROPA. Tribuna Galicia” con D. Gonzálo Caballero, Secretario Xeral do PSdeG-PSOE, no Parador Reis Católicos en Santiago de Compostela.

26 de xaneiro: Almorzo-Coloquio “Situación económica y perspectivas para España” con Irene Garrido Valenzuela, Secretaria de Estado de Economía y Apoyo a la Empresa. Organizado por Círculo de Empresarios de Galicia.

29 de xaneiro: Desayuno informativo del “FORUM EURJOPA. Tribuna Galicia” con Dña. Rosa Quintana, Conselleira do Mar, no Parador Reis Católicos en Santiago de Compostela.

30 de xaneiro: Xornada de presentación do Proxecto Nutriage, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2010. Paraninfo da Universidade de Santiago, Facultade de Xeografía e Historia.

31 de xaneiro: Acto de inauguración de “XANTAR 19º Salón Internacional de Turismo Gastronómico” en Ourense.

5 de febreiro: Acto “FORUM EUROPA. Tribuna Galicia” con D. José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, no Parador Reis Católicos en Santiago de Compostela.

5 de febreiro: Acto da entrega dos Premios “Valentín Paz Andrade” de Investigación en Economía de Galicia, no Salón Nobre De Fonseca, no Pazo de San Xerome.

8 de febreiro: Inauguración da mostra homenaxe a Antonio Quesada, “Antonio Quesada. Dende o sentimento”. Na Sala de Exposicións de Afundación Obra Social Abanca en Vigo.

16 de marzo: Xornada “La era tecnológica: un desafío para las empresas y sus líderes” organizada por Asociación para el progreso de la dirección y celebrada en Santiago.

30 de abril: Inauguración do FORO GALEGO SOBRE O BREXIT da Fundación Galicia Europa, en Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.

2 de maio: Acto académico de investidura como doutora honoris causa pola Universidade de Vigo de M^a Inmaculada Paz Andrade na Escola de Enxeñería Forestal no campus universitario.

8 de maio: Actos del Día Mundial de la Cruz Roja en Santiago.

15 de maio: Visita o centro HC San Rafael de Vigo con motivo del 75 aniversario.

15 de maio: Acto de Conmemoración do 174 Aniversario da Fundación do Corpo da Garda Civil no Pazo de Mariñán en Bergondo.

16 de maio: Concerto das Letras Galegas dedicado a escritora m^a Victoria Moreno no Auditorio Sede Afundación Pontevedra.

17 de maio: Acto conmemorativo do día das Letras Galegas 2018 no IES Gonzalo Torrente Ballester en Pontevedra.

21 de maio: Acto oficial de inauguración da Asamblea General de Socios do Círculo de Empresarios de Galicia e 25 aniversario do Círculo.

23 de maio: Acto de entrega das Medallas do Consello da Cultura Galega a D. Pablo Figueroa Dorrego, Dña. Ana Paula Laborinho e D. Francisco Lores Mascato.

24 de maio: Actos conmemorativos da “Festa da Rosa” no Concello de Mos.

30 de maio: Acto de toma de posesión do Reitor Magnífico da Universidade de Santiago no Salón Nobre do Colexio Fonseca.

8 de xuño: Almorzo-coloquio con José Luis Bonet, Presidente da Cámara de Comercio de España e Presidente de Freixenet . “Los retos de la economía española”.

8 de xuño: Acto de toma de posesión do Prof. Dr. Manuel J. Reigosa Roger como Reitor Magnífico da Universidade de Vigo.

22 de xuño: V Conferencia Internacinal de ARVI sobre o futuro da pesca “Los beneficios del consumo de pescado” na sede da Cooperativa de Armadores no porto pesquero de Vigo.

25 de xuño: Acto de sinatura do Convenio Contra o Acoso no Ámbito Laboral entre a Xunta de Galicia e as institucións Unión Profesional de Galicia, Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e Asociación Galega de profesionais da auditoría sociolaboral de xénero. Na Cidade da Cultura Monte Gaias.

27 de xuño: Almorzo-coloquio con Francisco conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria “As directrices enerxéticas de Galicia, cara unha economía verde”.

28 de xuño: Acto de imposición das Medallas Castelao 2018 na Igrexa de Santo Domingo de Bonaval en Santiago de Compostela.

28 de xuño: Acto de entrega do II Premio CEGASAL en Economía Social. Hotel Porta do Camiño en Santiago de Compostela.

5 de xullo: Acto de celebración de San Pablo, patrón dos Economistas no Hotel NH Collection Finisterre en A Coruña.

11 de xullo: celebración da VIII edición dos Premios “ejecutivos” Galicia no Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.

18 de xullo: Acto de celebración dos “Trinta anos da Lei Estatística de Galicia (LEG) e do Instituto Galego de Estadística (IGE)” no Complexo Administrativo de San Lázaro.

25 de xullo: Acto de Saúdo ao Delegado Rexio, Exmo. Sr. D. Miguel Angel Santalices Vieira na Praza do Obradoiro.

12 de setembro: Xornada “El medio rural y su vertebación social y territorial” celebrada en Madrid polo Consello Económico e Social de España.

17 de setembro: Acto “Forum Europa. Tribuna Galicia” con D. Jesús Vázquez, alcalde de Ourense no Parador dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.

19 de setembro: Almorzo-Coloquio con Manuel Fernández Pellicer, Delegado General de Galicia, Naturgy “Visión estratégica de Naturgy en el futuro de la energía y su vínculo con el transporte en Galicia”. No Círculo de Empresarios de Galicia.

2 de outubro : Inauguración da “XX Feria Internacional de productos del mar congelados” no Auditorio do Instituto Ferial de Vigo.

2 de outubro: Ceremonia de entrega “Premios TheHop”, primeiro programa de emprendemento colaborativo de Estrella Galicia, no Hotel Monumento San Francisco en Santiago de Compostela.

8 de outubro: Almorzo sectorial con Carmen Pomar, Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, “Profesionales y profesiones del futuro” no Círculo de Empresarios de Galicia..

9 de outubro: Debate de política xeral (estado de Autonomía) no Parlamento de Galicia.

11 de outubro: Acto da XXIX Edición dos Premios Galegos do Ano no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

17 de outubro: Inauguración da Exposición “Ninguén ao Marxe”, organizada pola Rede Galega contra a pobreza (EAPN-GALICIA) con motivo do Día Internacional para a erradicación da pobreza, no Parlamento de Galicia.

22 de outubro: Asistencia a “De la audacia nace la excelencia- Iñigo Alzueta”. No Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.

23 de outubro: Xornada “5ªAtlantic Stakeholder Platform Conference 2018” en Auditorio Mar de Vigo.

23 de outubro: Acto de inauguración das novas instalacións do Banco de Alimentos de Vigo.

20 de novembro: Acto de celebración do 25 aniversario do Centro de Computación de Galicia, CESGA, no Salón de Actos da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela.

27 de novembro: Presentación do Almorzo-Coloquio con D. Fernando González Laxe, economista da UDC no Salón Galicia da CEP Vigo.

28 de novembro: Acto de proclamación de candidatos de Galicia no Parador Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, Premio Emprendedor del Año.

28 de novembro: Inauguración da Exposición “España y Prensa Ibérica, 40 años de historia democrática” en Rúa do Príncipe en Vigo.

30 de novembro: acto de conmemoración do 25º Aniversario do IGAPE no Palacio de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela.

30 de novembro: reunión do xurado do V Premio “Valentín Paz Andrade” na Sala de Reunións da Reitoría en Santiago de Compostela para a elección do traballo premiado.

11 de decembro: acto conmemorativo do “25º Aniversario da Declaración do Camiño Francés en España como Ben Patrimonio Mundial” no CGAC en Santiago de Compostela.

13 de decembro: inauguración da Exposición do Belén Navideño no Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.

17 de decembro: clausura Asamblea General CEP ca intervención do Vicepresidente da Xunta de Galicia D. Alfonso Rueda Valenzuela.

17 de decembro: presentación do libro “Un viaxe pola Historia de Galicia. Do Señorío ao Marquesado de Valladares”, de Ignacio Pérez-Blanco y Pernas, XIV Marqués de Valladares na sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

2.5 Uso da sala do Pleno por outras entidades

Na sede do Consello acollemos tamén a outros organismos que o longo do ano, na Sala de Plenos do CES levaron a cabo diversas actividades e reunións.

Así, no ano 2018 tiveron lugar as seguintes:

15 de xaneiro: Cª de Política social: Pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

19 de marzo: Consello Galego de Relacións Laborais: Encontro de persoas con funcións de mediación e arbitraje do AGA.

21 de marzo: Axencia de Turismo de Galicia: Reunión do Consello de Turismo de Galicia,

26 de marzo: Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais.

6 de abril: Consello Galego de Relacións Laborais: Visita de alumnado de un módulo de Relacións Laborais do IES Rosalía de Castro.

18 de abril: Reunión Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACONDE).

27 de abril: Cª de Facenda: Comité de Seguimento do PO FSE 2014-2020

23 de maio: D.X de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos: Comité de Seguimento do FEDER.

25 de maio: Celebración dun Seminario do STEM organizado pola USC.

11 de xuño: Consello Galego de Relacións Laborais: Xuntanza de empresas de axuda no fogar de Galicia.

16 de xullo: Cª de Política social: Reunión do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

16 de xullo: Consello Galego de Relacións Laborais: Mesa negociadora do Convenio Colectivo do sector de Axuda no fogar de Galicia.

5 de setembro: Turismo de Galicia: Rolda de prensa “Balance rutas turísticas e impulso rutas outono.

31 de outubro: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea: Reunión da comisión de Coordinación e Seguimento do Convenio de Acción Humanitaria asinado entre AECID e dez comunidades autónomas.

5 de novembro: Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental: reunión Consello galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

4 de decembro: Consello Galego de Relacións Laborais: reunión da comisión negociadora do Convenio Colectivo de Bingos.

14 de decembro: Foro Económico de Galicia: Presentación do IV Informe de Conxuntura Socioeconómica.

17 de decembro: Axencia de Turismo de Galicia: Reunión do Pleno do Consello de Turismo de Galicia.

19 de decembro: C^a de Política social: Pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

21 de decembro: Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental: reunión do Consello Galego de Medio Ambiente.

